

Observa con atención esta imaxe e contesta ás preguntas:



Busca tres animais e escribe os seus nomes:

Cantos nenos hai? E cantas nenas?

Que fai o neno de camiseta azul e pantalón curto vermello?

Quen rega as plantas?

Que sinala o rapaz que ten unha gorra vermella?

Quen está collendo unha bolboreta?

Esta imaxe é de: (rodea a resposta correcta)

Outono

Inverno

Primavera

Verán

Le con atención e contesta ás preguntas:

O baño



Todas as noites antes de cear doume unha ducha rápida, pero os sábados báñome durante moito tempo. Como xa son maior e teño dez anos pódome bañar eu só. Primeiro emprego unha esponxa moi suave para enxaboarme o corpo e despois lávome o pelo cun champú que cheira a froitas. Ademais gústame moito encher a bañeira de auga aínda que a miña nai di que non debo facer iso porque hai moitos lugares onde non hai auga e persoas que non poden utilizala. Despois quédome un intre dentro de la bañeira xogando cun barquiño que me regalaron polo meu aniversario. Estou tan a gusto dentro que non me dou conta que se fai tarde. Ao final ten que vir a miña nai para sacarme.

<http://fichasalypt.blogspot.com> Autora: Cristina Miras AL Tradución al gallego: Ana Soto AL

Cando se ducha?

Que día da semana se baña durante máis tempo?

Cantos anos ten o neno?

Axúdalle alguén a bañarse? Por que?

Con que se enxabona? A que ole o champú?


Le con atención e contesta ás preguntas:

O OKAPI



O okapi é un animal moi curioso porque ten patas de cebra, corpo de cabalo e cabeza de xirafa.

Caracterízase por ter orellas grandes, dous cornos pequenos recubertos de pelo e unha enorme lingua.



É un animal mamífero, as crías nacen vivas do ventre da nai e maman leite.

Tamén é herbívoro porque se alimenta de plantas. Come herbas, follas, froitos...



Vive nas selvas de África, concretamente na República do Congo.

É tranquilo, solitario e gústalle saír de noite.

O okapi está en perigo de extinción porque estivo a punto de desaparecer debido aos cazadores furtivos, á deforestación da selva, ás guerras...

Que é o okapi?

O okapi é un animal herbívoro ou carnívoro? Por que?

Donde vive?

Que parte do corpo do okapi nos recorda a unha cebra?

Relaciona:

orellas

- pequenos e cubertos de pelo

cornos

- enorme

lingua

- grandes

cabeza

- de cebra

patas

- de cabalo

corpo

- de xirafa

Que significa que o okapi está en "perigo de extinción"? Rodea a resposta correcta:

- Que hai moitos okapis.
- Que hai poucos okapis.
- Que os okapis saen de noite.

Une cada expresión co seu significado:

cazadores furtivos

- Corta masiva de árbores e vexetación dun terreo

deforestación

- Que lle gusta andar so.

solitario

- Persoas que cazan cando está prohibido.

Observa con atención esta imaxe e contesta ás preguntas:



Que animal vai detrás do crocodilo:

E diante do crocodilo?

Encontra unha froita na imaxe e escribe o seu nome.

Como se chaman os animais que están á esquerda do río?

Describe a xirafa: tamaño, cor, que ten na cabeza, como é o seu pescozo...

Le con atención e contesta ás preguntas:

OS DESERTOS

Os desertos son zonas moi secas onde chove moi pouco. Poden pasar anos sen que caia unha pinga de auga.



Nestes lugares o clima é extremo; e dicir, polo día vai moitísima calor e polas noites, moito frío. Ás veces sopra un vento tan forte que levanta a area producindo enormes tormentas de area que fan que non se vexa nada.

Existen diferentes tipos de desertos; pero os máis coñecidos son os que teñen dunas que son grandes montañas de area.



As plantas do deserto teñen follas moi pequenas, talos carnosos e raíces moi longas para aproveitar a pouca humidade. Así, nestas zonas podemos encontrar cactus, arbustos e cardos.



Os animais do deserto tamén están adaptados a vivir con altas temperaturas.



Alí podemos encontrar lagartos, serpes, escorpións, tarántulas, ratos, coiotes, zorros do deserto e camelos.



De que trata a lectura?

Que é un deserto?

Que son as dunas?

Escribe o nome de tres animais que viven no deserto:

Que provoca o vento no deserto?

Por que pensas que as raíces das plantas do deserto son moi longas?

Sinala a resposta correcta:

- a. Porque así medran menos.
- b. Porque así poden absorber as augas subterráneas e suxeitarse mellor á area.
- c. Para que non as coman os animais.

Escribe verdadeiro (V) ou falso (F):

As plantas do deserto teñen follas moi grandes.

Nos desertos hai escorpións.

Pola noite nos desertos vai moito frío.

Nos desertos hai prados con herba fresca.

As raíces das plantas do deserto son moi longas.

Polo día nos desertos vai moita calor.